



ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DE PAIS/NAIS/PERSOAS TITORAS LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa **Resolución do 19 de setembro de 2022, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos** (DOG N° 187 do 30 de setembro de 2022), a Xunta Electoral deste centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS/NAIS/PERSOAS TITORAS LEGAIS**, segundo as seguintes normas:

1.- Conforme o establecido no Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto de 1996), corresponde elixir no presente proceso electoral a **dous representantes**, dun total de tres que pode ter o Consello Escolar. O outro representante de pais/nais/persoas titoras legais continúa como consecuencia da súa elección anterior no ano 2021.

2.- Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais do alumnado matriculado no centro e incluídos no censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14:00 horas do día **15 de novembro de 2022**.

3.- Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na secretaría do centro. As candidaturas correspondentes poderanse presentar no rexistro da secretaría do centro a partir do día **3 de novembro de 2022** e ata as **14:00 horas** do día **11 de novembro de 2022**.

4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os/as pais/nais ou titores legais que non se presenten como candidatos, o día **16 de novembro de 2022**, ás 11:15 horas. A devandita mesa electoral estará composta polo Director do centro, que actuará como Presidente, e catro pais/nais ou titores legais, actuando de secretario/a o/a de menor idade.

5.- A mesa electoral será constituída o **día 24 de novembro de 2022**, en acto público, ás **16:15 horas**. A partir da súa constitución realizarase a votación ata as **19:00 horas**.

6.- Na papeleta de votación cada elector fará constar un máximo de **1 nome** dos candidatos ou candidatas presentados, debendo acreditar a súa personalidade á hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable.

7.- Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor legal do alumnado matriculado no centro.

8.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío á Xunta Electoral do centro.

9.- A Xunta Electoral do centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Chantada, 2 de novembro de 2022.

O DIRECTOR DO CENTRO
PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL

Asdo: Javier Conde Vázquez

